



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Prevención da violencia de xénero a través dos servizos de axuda no fogar na Administración local

CONVOCATORIA: IGUALDADE, convocatoria

GRUPO: Consellería de Política Social e Igualdade

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 23/04/2026 - 09:00h ao 28/04/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

As persoas que traballan no Servizo de Atención no Fogar (SAF) teñen unha relación privilexiada cos membros das familias que coidan: acceden ao seo desas relacións familiares e, por tanto, teñen acceso a información que doutra maneira resultaría moi difícil ou imposible conseguir. Poden, por tanto, converterse en aliadas estratéxicas nas loitas contra as violencias.

Para que iso ocorra, deberemos capacitar adecuadamente a esas persoas. Deben formarse en entender como son os ciclos das distintas violencias, como se reproducen os mitos que camuflan esas violencias e deben, tamén, ser conscientes do importante papel que elas poden xogar na loita.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que, preferentemente, desenvolva as súas funcións en áreas vinculadas cos servizos sociais.

PROGRAMA

- Formas da violencia de xénero
- Fases do ciclo da violencia
- Consecuencias da violencia de xénero
- Como identificar a violencia de xénero
- Factores que perpetúan a violencia de xénero
- Síndrome da muller maltratada
- Falsos mitos sobre a violencia de xénero
- Violencia de xénero e malos tratos nas persoas adultas maiores
- Protocolos de actuación para mulleres vítimas de violencia de xénero

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Cráterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 08/09/2026 a 28/09/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 06/10/2026 ás 17:30h

DOCENTES NOMEADOS

Ana María García Fernández

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.